



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN COLOMBOFILA GALEGA CELEBRADA O DIA 25 DE SETEMBRO DE 2021

En Santiago de Compostela, sendo as dez horas e trinta minutos do día 25 de Setembro de 2021, baixo a presidencia de D. Gonzalo Liñares Sixto, Presidente desta Federación Colombófila Galega, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis e asistindo os membros da mesma que a continuación se relacionan, iniciase a reunión da Comisión Delegada desta Federación.

Asistentes:

Presidente D. Gonzalo Liñares Sixto
Secretario: D. Manuel Rey San Luis
Tesorero: D. José R. Costas Carbajal

Estamento de Clubes:

D. David Rodríguez Romero
D. Carlos Budiño Pereira

Estamento de Xuices:

D. Pedro Becerra González

Reúnese a Comisión Delegada desta Federación co seguinte orde do día:

- 1.- Lectura e Aprobación si procede da Acta da sesión anterior***
- 2.- Coñecemento do balance económico ao 31.08.2021***
- 3.- Avance orzamento económico para o ano 2022***
- 4.- Aprobación, si procede, dos resultados deportivos da temporada 2021 e subvencións aos voos deste ano por parte da FCG.***
- 5.- "LIV" Exposición Galega da Pomba Mensaxeira (Lugar e data de celebración).***
- 6.- Data de celebración da próxima Asemblea Xeral***
- 7.- Rogos e Preguntas***



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



Primero.- LECTURA E APROBACIÓN SI PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Os asistentes coñecen a acta da reunión anterior de data 13 de Marzo de 2021 que se lles remitiu coa convocatoria.

Non habendose realizado ningunha obxección á mesma, apróbase por unanimidade.

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AL 31-08-2021

Toma a palabra o Tesoureiro Sr. Ramón Costas Carbajal informando aos asistentes dos resultados que presenta o balance económico ao 31-08-2021. Tras amplo debate e deliberación, habéndose informado detalladamente e aclarado cantas cuestións se plantexaron sobre diversas partidas que compoñen este balance, éste é aprobado por unanimidade dos asistentes.

Terceiro.- AVANCE ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2022.-

Ou Sr. Ramón Costas Carbajal, indica que, tendo en conta que a Campaña Deportiva deste ano aumentou en número de palomas e que haberá que contratar un camión a maiores, e dado o alto gasto en organización da Exposición, terase que estudar aumentar o presuposto para o ano que ven nestas dúas partidas.

Cuarto.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DOS RESULTADOS DEPORTIVOS DA TEMPORADA 2021 E SUBVENCIONS VOOS 2021.

Exponse por parte do Sr. Presidente que os resultados deportivos desta temporada 2021 están publicados, non existindo obxeccións por parte dos presentes.

Retoma o tema das subvencións o tesoureiro Sr. Costas carbajal, á vista dos datos económicos actuais e da previsible proxección dos mesmos a 31 de Decembro de 2021, así como tendo en cuenta que a Xunta este ano só nos asignou 7.273.- € de subvención, propón a repartición de 8.278.- € en subvencións para a campaña que acaba de finalizar proporcionalmente ao grao de participación dos clubs na mesma, supoñendo ademais un incremento do importe respecto ao pasado ano. Apróbase por unanimidade de todos os asistentes, estando supeditado este importe á aprobación por parte da Asemblea Xeral.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



Quinto.- LIV EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA (LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN).-

Dado que as dúas derradeiras edicións da Exposición Galega da Pomba Mensaxeira non se puideron celebrar polas medidas COVID establecidas, acordase para este ano que dito evento sexa organizado pola Federación en Santiago de Compostela. Propoñense como datas de celebración os días 17 e 18 de Decembro.

Estando supeditada a celebración de este evento á aprobación por parte da Asemblea Xeral.

Sexta.- DATA CELEBRACIÓN PRÓXIMA ASEMBLEA XERAL.-

Aprobase nesta reunióno día 13 de Novembro como data para a celebración da próxima Asemblea Xeral.

Séptimo.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non hai rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día da data.

Fdo.Gonzalo Liñares Sixto
- Presidente-

Fdo.: Manuel Rey San Luis
- Secretario -